



UNIDADE 4

A vida é puro teatro

Pídalles aos seus alumnos que observen a fotografía da portadiña e pregúntelles: **Quen son estas persoas? En que lugar están? Que están facendo neste momento? Gústavos o teatro?**

A continuación, pídalles que escriban, en dous ou tres minutos, todo o léxico que coñezan relacionado co teatro. Anímeos a escribiren non só o vocabulario relativo ás profesións do mundo da escena (actor, director...), senón tamén os elementos físicos (escenario, pano...) e todo o que asocien con ese mundo. Logo, faga unha posta en común.

Para rematar, preséntelles os contidos da unidade e a tarefa final: escribir unha escena teatral.

A vida é puro teatro



comprender

1. A FIESTA BALDEIRA

Ler dous fragmentos dunha obra teatral e tentar deducir en que consiste un cadro que se menciona neles. Facer unha lectura dramatizada dun dos fragmentos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

O adxectivo **baldeira** gráfase correctamente en galego como aparece no título da actividade, é dicir, con **b**. Non obstante, na imaxe do libro figura con **v** porque así se fixo na versión orixinal. En canto á palabra **ediciós**, que tamén aparece na portada do libro, trátase dunha variante dialectal, admitida oralmente, pero na escrita a forma estándar e recomendada pola normativa é **edicións**.

A expresión **fiestra aldeira** indica que o que se visualiza dende unha ventá non é máis ca un oco que non se enche con imaxes.

ANTES DE COMEZAR

Se ten un exemplar do libro que se presenta na actividade, léveo á clase para que o poidan ver os estudantes. Indíquelles que é unha obra de Rafael Dieste e, se lle parece conveniente, coméntelles brevemente os trazos que considere máis relevantes da súa información biográfica da páxina 47. Pregúntelles se coñecen o significado da palabra *fiestra* e asegúrese de que todos teñan claro que se trata dun sinónimo de *ventá*. A continuación, remítaos ao título da actividade e pregúntelles **que credes que significa *fiestra aldeira*?** Acepte as varias contestacións que poidan xurdir e, en caso de que non o acerten, responda vostede, comprobando que todos o entendan claramente.

PROCEDEMENTOS

A. Distribúa os seus alumnos en grupos de tres. A continuación, dígalles que lean individualmente o fragmento do resumo e da escena do segundo lance da peza *A fiestra aldeira* e que fagan hipóteses sobre o contido do cadro e o motivo polo que non lles gusta a algúns dos protagonistas. Déalles uns minutos e, logo, pídalles que comenten as súas hipóteses coas dos dous compañeiros.

Por outra banda, coméntelles que na obra poden atopar algunhas palabras cuxa grafía non se corresponda coa establecida na actualidade pola normativa da lingua galega e dispónhase a aclarar o significado do vocabulario e/ou das expresións que descoñezan. Se lle parece conveniente, faga unha posta en común na que todos comenten as súas hipóteses e comprobren se coinciden coas dalgún compañeiro.

B. Invite os seus alumnos a leren o segundo fragmento da peza de teatro para descubriren en que consiste o cadro. Logo da lectura, pregúntelles se a resposta

coincide con algunha das predicións que fixeran antes. Faga unha posta en común e asegúrese de que todos o entenderon e son capaces de describir o contido do cadro do mesmo xeito.

Solución

No cadro vese unha ventá e, a través desta, unha serie de elementos relacionados co mar: a ribeira, as lanchas, o peirao... A dona Balbina non lle gusta o cadro porque mostra que don Miguel fora mariñeiro e, en consecuencia, pobre.

C. Para rematar, propóñalles aos seus alumnos que, en parellas, fagan unha lectura dramatizada do fragmento da epígrafe B. Se dispón de tempo, deixe que todas as parellas “representen” a súa lectura e que, entre todos, escollan os mellores “actores” da aula.



explorar
e reflectir

2. FRAGMENTOS

Ler os fragmentos de catro obras de teatro e reflexionar sobre a maneira de describir as accións a partir das didascalias. Clasificar palabras segundo a categoría gramatical á que pertencen. Observar o emprego dalgúns verbos con ou sen pronomes.

ANTES DE COMEZAR

Se ata o momento non se falou delas, pregúntelles aos seus alumnos se saben que son as didascalias dunha obra de teatro. Se non o saben, explíquelles que se trata das notas que o dramaturgo inclúe, a maioría das veces entre parénteses ou en letras itálicas, para explicar todo o relativo á acción ou ao movemento das personaxes, a decoración da escena etc. Pídalles que as identifiquen no primeiro fragmento desta actividade e corrixao na clase para asegurarse de que todos o teñen claro.

PROCEDEMENTOS

A. Invíteos a leren os títulos nas portadas das obras e a faceren suposicións sobre os temas dos que trata cada unha. Acepte todas as suxestións e apúnteas no encerado. Despois, pídalles que lean os fragmentos e que comprobren se as súas predicións coinciden coa información extraída dos textos.

Unha vez rematen esta primeira lectura, aclare calquera dúbida que teñan e chámelles a atención sobre o feito de que se trata de textos orixinais, polo que se poden atopar variantes de vocabulario ou de estrutura que non corresponden á versión estándar da lingua galega na actualidade.

Agora, anímeos a leren os fragmentos unha segunda vez, pero fixándose nas didascalias, e a completaren o cadro. Recórdelles que nelas se achega información

non só sobre o que fan as personaxes en cada momento, senón tamén de como o fan: a súa actitude ou o seu estado de ánimo. Dígalles que o deben facer individualmente, pero ao remataren poderán comparar as súas respostas coas dun compañeiro. Logo, faga unha posta en común na clase.

Solución

- *despacio*
- *como por turno; adiantándose do mesto grupo pra decila e voltando presto a anónimo*
- *apoiando as mans na varanda*
- *subitamente*
- *sempre con voz monótona, sen subila xamais*
- *moi medoñenta*
- *rápido, sen apenas escoitar o seu interlocutor*
- *brusco, a punto de perder os papeis*
- *á presa.*

B. Pídalles agora que, co mesmo compañeiro, clasifiquen as palabras anteriores segundo a súa categoría gramatical.

Solución

Adverbio/Locución adverbial: *despacio, como por turno, subitamente, moi medoñenta, sempre con voz monótona, sen apenas escoitar o seu interlocutor.*

Adxectivo: *rápido, brusco.*

Xerundio: *adiantándose..., voltando..., apoiando as mans na varanda.*

Preposición + nome: *a punto de perder os papeis, á presa.*

Preposición + infinitivo: *sen subila xamais.*

Explíquelles que todas elas son formas de describir accións e remítaos á epígrafe “Describir accións” da sección CONSULTAR, na páxina 50, onde se recollen e se amplían estes recursos.

Para rematar, escriba no encerado as frases **Iolanda queda hipnotizada** e **Iolanda está hipnotizada** e invite os seus alumnos a explicaren a diferenza entre ambas. Anímeos a faceren hipóteses e, se o considera necesario, contextualice os exemplos para axudarlles a veren a diferenza. Ao final, explíquelles que **queda hipnotizada** introduce un aspecto de cambio de estado (antes non o estaba). Remítaos á epígrafe “Dous usos de quedar” da sección CONSULTAR, na páxina 51.

E DESPOIS

Propónalles aos seus alumnos que, en grupos de tres, representen esas accións, seguindo as indicacións das didascalías. Indíquelles que, nalgúns casos, terán que imaxinar un obxecto (un teléfono, un teclado...). Logo, pídalles aos diferentes grupos que representen unha acción sen dicir cal é. Os demais grupos intentarán adiviñar de cal se trata.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 113, exercicio 1.
Páxina 114, exercicio 4.

3. CON “SE”, SEN “SE” OU CON “LLE”?

Reflexionar sobre como o emprego do pronome reflexivo se e do pronome de complemento indirecto lle pode modificar o significado dun verbo. Construír varias oracións cun mesmo verbo utilizando estes pronomes.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que se fixen nos tres primeiros debuxos e completen, en parellas, as frases que aparecen ao lado de cada un. Anime algunhas parellas a leren as súas frases e pregúntelle ao resto da clase que cambios poden observar no significado dun verbo cando este se utiliza con **se**, sen **se** e con **lle**, respectivamente.

Faga unha posta en común coas conclusións dos seus alumnos e axúdelles, se for necesario, coa seguinte explicación:

– Algúns verbos poden levar o pronome **se**; trátase de verbos reflexivos e a acción que expresan recae sobre o mesmo suxeito que a realiza, como no exemplo **Susa agóchase** (= a si mesma).

– O mesmo verbo (**agochar**) sen o pronome se esixe a presenza dun complemento directo, como no exemplo **Susa agocha o seu oso de peluche**; ou ben dun complemento directo e dun complemento indirecto, como en **Susa agóchalle as chaves á súa nai**, representado neste caso polo pronome **lle**.

Unha maneira gráfica de representar isto podería ser:

Susa agóchase.
Suxeito

Susa agocha o seu oso de peluche.
Suxeito complemento directo

Susa agóchalle as chaves á súa nai.
Suxeito complemento indirecto complemento directo complemento indirecto

Pídalles aos alumnos que completen o resto das frases seguindo o modelo e faga despois unha posta en común na clase.

Solución

- 2 *Susa agocha o seu osiño de peluche debaixo da cama.*
- 3 *Susa agóchalle as chaves á súa nai.*
- 4 *Susa érguese ás 8 h.*
- 5 *Susa ergue os brazos.*
- 6 *Susa érguelle o vestido a Beatriz.*
- 7 *Susa tírase á piscina.*
- 8 *Susa tira a Luís á piscina.*
- 9 *Susa tíralle o balón a Luís.*

B. Propónalles aos seus alumnos que repitan a actividade individualmente cos verbos **peitearse** e

A vida é puro teatro

taparse e que contrasten despois as súas frases coas dun compañeiro. Logo faga unha corrección entre todos.

Solución (suxestión)

Susa peitéase polas mañás.

Susa peitea a súa irmá.

Susa peitéalle a melena (á súa irmá).

Susa tápase coa manta porque ten frío.

Susa tapa os ollos.

Susa tápalle a boca á súa irmá.

4. NO ESCENARIO

Aprender ou repasar recursos para expresar posturas corporais, mudanzas ou continuidade na acción e nos estados de ánimo.

ANTES DE COMEZAR

Explíquelles aos seus alumnos que van coñecer distintas formas de describir posturas ou posicións. Para iso, distribúalles fotocopias do cadro que atopará na **ficha 8** e pídalles que relacionen os debuxos coas expresións correspondentes.

Logo, pídalles que pensen nos verbos que se poden empregar para indicar a transición cara a un dos estados que aparecen. Ofrézalles algúns exemplos: *sentar(se)* – *estar sentado*; *agacharse* – *estar agachado*; *erguerse/levantarse/poñerse de pé* – *estar de pé*. Pídalles que completen os espazos baleiros cos verbos correspondentes.

Solución

Estar sentado – *sentar(se)*

Estar agachado – *agacharse*

Estar deitado – *deitarse*

Estar tombado – *tombarse*

Estar de pé – *levantarse/erguerse/poñerse de pé*

Estar de xeonllos – *axeonllarse/poñerse de xeonllos*

Estar en crequenás – *encrequenarse/poñerse en crequenás*

Remita os seus alumnos ás epígrafes “Postura corporal” e “Mudanza de postura” da sección CONSULTAR, nas páxinas 50 e 51, e repase con eles as estruturas e os exemplos. Faga fincapé no emprego dos verbos reflexivos que expresan movemento.

Aproveite para explicarlles os diferentes usos do verbo **pór/poñer** que aparecen na epígrafe “Usos de pór/poñer(se)”, na páxina 51 desta mesma sección, facendo especial fincapé no emprego deste verbo para expresar mudanzas relacionadas coa saúde, co estado de ánimo ou co aspecto físico.

PROCEDEMENTOS

Explíquelles aos seus alumnos que nestas imaxes se ven dous momentos dunha obra teatral e que, entre un e outro, transcorreron só algúns segundos, pero

uns segundos cruciais para o desenvolvemento da trama argumental. Pídalles que describan o máis detalladamente posible o que cambiou e o que continúa igual, e que escriban frases empregando os recursos que aparecen na notiña amarela. Póñalles un exemplo a partir da mostra de lingua. Ao finalizaren, faga unha posta en común na clase e corrixa a actividade.

Solución (suxestión)

– *Na primeira escena o home está de pé; na segunda púxose de xeonllos.*

– *Na primeira escena a muller está sentada; na segunda ergueuse e achegouse ao home.*

– *Na primeira escena a muller leva lentes; na segunda quitounas.*

– *Na primeira escena a muller está lendo un libro; na segunda escena xa deixou de lelo.*

– *Na primeira escena o home leva o chapeu nas mans; na segunda lévao na cabeza.*

– *Na primeira escena a muller non chora; na segunda botouse a chorar.*

– *Na primeira escena o gato está durmindo; na segunda o gato segue durmindo.*

Se o considera conveniente, pode pedirles que convertan as frases nun texto, empregando os marcadores discursivos que foron aprendendo ao longo das unidades anteriores. Neste caso, pode aproveitar para remitir os seus alumnos á epígrafe “Marcadores modais e temporais” da sección CONSULTAR, na páxina 51.

Escriba no encerado as frases nas que os seus alumnos utilizaron as expresións **deixou de lelo**, **botouse a chorar** e **segue durmindo**. Recórdelles que se trata de perífrases verbais, é dicir, estruturas formadas por máis dunha forma verbal para expresar unha soa acción e que se usan para introducir matices de significado. Remítaos á epígrafe “Perífrases verbais” da sección CONSULTAR, na páxina 50, e repáseas con eles, asegurándose de que teñen claro o significado de cada unha delas. Así mesmo, indíquelles que vexan na páxina 51 da mesma sección a epígrafe “Usos de botar”.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 113, exercicio 2.

Páxina 114, exercicios 3, 4 e 5.



**practicar
e comunicar**

5. E TI? QUE FAS?

Expresar costumes e hábitos cotiáns. Recoñecer e empregar marcadores temporais para introducir unha acción que se realiza de forma inesperada ou brusca e para accións que suceden ao mesmo tempo.

ANTES DE COMEZAR

Explíquelles aos seus alumnos que nesta actividade van coñecer os hábitos do rapaz da imaxe, Antonio. Pídalles que miren o debuxo e preguntelles: **Que momento do día é? Que é o primeiro que fai Antonio ao erguerse? Os que levades lentos, facedes o mesmo? Que é o primeiro que facedes ao levantarvos?**

PROCEDEMENTOS

Explíquelles que as frases describen algúns dos costumes de Antonio e pídalles que as lean individualmente e marquen aquelas nas que coinciden con Antonio. No caso de que non coincidan en ningunha, pídalles que escriban esquematicamente un dos seus hábitos ao lado da frase.

Agora, pídalles aos seus alumnos que volvan ler as frases e que subliñen as estruturas que serven para expresar dúas accións que suceden ao mesmo tempo. Faga unha posta en común e sistematice no encerado:

**ao + infinitivo
mentres tanto
verbo en xerundio
mentres**

Por último, invíteos a escribiren as conclusións ás que chegaron no paso anterior, en relación cos hábitos comúns e os peculiares, empregando estes recursos. Remate cunha posta en común entre todos.

6. COMO O INTERPRETAS?

Interpretar unha mesma frase en tres contextos diferentes. Reflexionar sobre o uso da entoación para conferirlle significado a unha mensaxe.

ANTES DE COMEZAR

Explíquelles aos seus alumnos que un factor imprescindible no teatro é a lectura dramatizada do texto e a súa interpretación por parte dos actores, e que, dentro desta interpretación, a entoación que se lle dá a un texto é fundamental para outorgarlle significado.

Dígalles que, co libro pechado, van escoitar unha mesma frase con diferentes entoacións. Mentres escoiten, deben estar atentos ás diferenzas entre as interpretacións para pensaren nun contexto no que a frase se podería expresar de cada xeito.

A continuación, interprete a primeira frase da actividade (Abres a ventá?) como lle suxire o libro, como se estivese irritado, sorprendido e asustado, sucesivamente. Introduza nas súas interpretacións modulacións de voz, cambios de ton, xestos e todo aquilo que considere que pode axudar os seus alumnos.

Anímeos, logo, a comentaren, en grupos de tres, os contextos que imaxinaron e a reflexionaren sobre os elementos que lles foron útiles para definilos. Faga unha posta en común na clase e invíteos a compararen os seus contextos cos que ofrece a actividade.

PROCEDEMENTOS

A. A continuación, explíquelles aos seus alumnos que agora son eles os que deben interpretar algunhas mensaxes. Pídalles que, en parellas, lean o resto da actividade. Déxelles tempo suficiente para leren todas as frases e aclare as súas posibles dúbidas de vocabulario. Despois, explíquelles que, por quendas, un membro da parella vai interpretar unha das frases que están en grosa, escollendo un dos contextos e actitudes que suxire o libro. O seu compañeiro terá que adiviñar cal das opcións está interpretando.

B. Explíquelles que agora van escoitar as frases nunha gravación e pídalles que marquen o contexto que lle corresponde a cada unha. Faga unha primeira audición e deixe que comenten as súas respostas en parellas. Pode poñer outra vez a gravación no caso de que haxa discrepancias entre as parellas. Deixe unha pausa longa despois de cada frase para darlles aos alumnos a oportunidade de intercambiar pareceres.

Por último, remítaos á epígrafe “Estados de ánimo” da sección CONSULTAR, na páxina 50.

Solución

1. a, 2. a, 3. c, 4. b

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 115, exercicio 6.

Páxina 116, exercicio 8.

7. DIDASCALIAS

Escribir as didascalias para un fragmento dunha obra de teatro e representalo.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Limpeza de sangue é a historia, bastante realista, de dous enfermos que coinciden na sala de hemodiálise dun hospital e acaban converténdose en amigos.

Presenta unha ampla variedade de escenarios e o seu drama oscila entre a intriga policial, a reflexión filosófica e a crítica á sociedade actual en canto aos seus aspectos ideolóxicos, políticos e económicos.

Teña en conta que levar a cabo esta actividade pode requirir aproximadamente unha hora.

ANTES DE COMEZAR

Se o considera pertinente, pode remitir os seus alumnos á actividade A da páxina 48 e facer con eles unha breve análise das principais características do texto dramático (que pode definirse como un diálogo no que se insiren descrições de elementos extralingüísticos, as didascalias).

Preséntelless a Rubén Ruibal como un representante do teatro galego contemporáneo (pode fotocopiar a breve biografía que lle proporcionamos na **ficha 9**) e explíquelles que os tres fragmentos da actividade

A vida é puro teatro

pertencen a diferentes escenas dunha das súas obras teatrais, *Limpeza de sangue*. Convide os seus alumnos a faceren hipóteses sobre o argumento da obra e a comentárenas entre eles. Faga despois unha posta en común na clase.

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos que nos seguintes textos faltan as didascalias, polo que non é posible coñecer con precisión a actitude, o estado de ánimo das personaxes ou os seus movementos polo escenario. Cun alumno que se ofrezca como voluntario, faga unha lectura expresiva das catro primeiras intervencións do diálogo da escena 1 e invite os demais alumnos a imaxinaren cal é a actitude das personaxes e a relación que as une. Escriba as súas respostas no encerado.

A continuación, anímeos a converteren as respostas apuntadas en didascalias para esas intervencións e engádaas ao escrito no encerado.

Cando estea seguro de que os seus alumnos comprenderon o mecanismo, divida a clase en grupos de tres, asígnelle un texto (unha escena) a cada grupo e concédalles vinte minutos para que escriban as didascalias. Recórdelles que poden facer uso de todos os recursos aprendidos ata o momento na unidade. Mentres realizan a actividade, pasee entre os grupos para asesoralos e esclarecer posibles dúbidas.

Transcorrido ese tempo, infórmeos do seguinte paso: a representación da escena. Explíquelles que en cada grupo deberá haber dous actores e un director, o cal debe darlles as instrucións aos primeiros sobre a posta en escena. Concédalles de dez a quince minutos para ensaiaren.

Para a representación poden optar por unha destas modalidades: unha lectura expresiva do texto, na que os actores permanecen sentados e prescindén case por completo de expresión corporal; ou unha lectura dramatizada, como se estivesen no escenario, que incorpora expresión corporal e movemento ao longo do escenario imaxinario. En ambos os casos lles pode dar a escoller entre ler o texto ou aprendelo de memoria. Se algún grupo escolle esta última opción, concédalle tempo ata a próxima clase para memorizar os diálogos.

B. Despois da presentación de cada grupo, pídalles aos alumnos que tomen notas sobre os aspectos positivos e os negativos que observaron nas representacións e que os comenten cos seus compañeiros de grupo. Para rematar, promova unha reflexión baseada nas notas que tomaron e súxíralles que escollan a mellor representación e que xustifiquen a súa elección.

É importante salientar que o obxectivo da votación non é a competición, senón a reflexión conxunta das características que garanten o éxito dun texto ben escrito e dunha lectura dramatizada.

E DESPOIS

Pode suxerirlles aos seus alumnos que fagan a lectura da obra completa de *Limpeza de sangue*.

8. OS VELLAS NON DEBEN DE NAMORARSE

Ler a sinopse e dous actos dunha obra teatral e escribir unha escena.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Segundo o tamaño do seu grupo, é posible que esta actividade teña que desenvolverse en dúas sesións.

Os vellos non deben de namorarse é unha das pezas máis populares e representativas do teatro galego e recolle unha das mellores mostras da capacidade artística de Castelao. Dotada de sumo valor expresivo, a obra componse de tres lances, encadrados entre un prólogo e un epílogo, e en cada un repite o mesmo drama: a historia dun vello que se namora dunha moza. O autor, que tamén a denomina como “farsa” comezou a escribila en Pontevedra, en 1931, pero só logrou rematala en 1939, na cidade de Nova York. El mesmo dirixiu a súa primeira representación en 1941, no teatro Mayo de Bos Aires, onde estaba exiliado. Dende entón non deixou de representarse.

No seguinte testemuño Castelao deixa evidencia de cal era o contexto histórico e sociopolítico de Galicia cando escribiu esta peza:

“Esta farsa foi maxinada para regalía do pobo galego, cando en Galiza abrollaban os máis arditos anxeos de rexurdimento. Comenceina en Pontevedra, no ano de 1931, e dinlle cima en Nova York no ano de 1939. Moito tempo decorreu para unha obra tan pequena e tan doada de facer; pero faltoume sosego para rematala. Os trafegos que me impuxo a causa política non me deron lecer para outras angueiras, e as conseguíntes loitas que axiña sobreviñeron nin tan siquera me permitían tecer ilusións. De por parte xurdeu a guerra civil, cuíos dramas e traxedias auténticas non consintían asistir a dramas e traxedias imaxinadas, e menos a pasatempos que soio se conciben en época de paz. Tivo que ser agora, na triste folga que me impón o desterro, cando dispuxera de tempo para comprir o meu vello e íntimo compromiso.”

Se dispón dun exemplar da obra, léveo á clase para mostrarllelo aos seus alumnos.

ANTES DE COMEZAR

Recórdelles aos seus alumnos a tarefa final da unidade: escribir unha escena para unha obra de teatro. Explíquelles que van ler un fragmento dunha obra escrita por un autor galego na segunda metade da década de 1930. Pregúntelles que saben sobre como era a vida na Galicia de entón e aproveite para introducir algunha información sobre o contexto sociopolítico da obra.

A continuación, pídalles que miren a fotografía e lean o título da obra de teatro. Anímeos a describiren a imaxe e a poñerla en relación co título da obra a partir de preguntas como: **Que significa? Con que pode estar relacionada? Como credes que son as personaxes? Cal pode ser o argumento da obra?** Acepte as respostas que poidan xurdir e dígalles que xa o van comprobar na lectura dos textos.

PROCEDEMENTOS

Preséntelles a actividade aos seus alumnos e dígalles que, individualmente, lean os textos compostos pola sinopse, a presentación do lance e as escenas da obra. Cando rematen a lectura, pídalles que comproben se as súas hipóteses sobre o argumento da obra eran acertadas e que comenten as súas conclusións cun compañeiro. Faga unha posta en común na clase e engada a información que considere necesaria.

A continuación, explíquelles que, en grupos de tres, deben imaxinar unha escena que se localiza entre as dúas presentadas (I e VII) e escribirla. Chame a súa atención sobre a nota da dereita, na que se inclúen algúns momentos da obra e dígalles que, se o quixeren, poden escoller algún deses momentos como base para a escena que elaborarán ou inventar outra libremente. Recórdelles que na súa escena deberán escribir tamén as didascalías e, para iso, poden facer uso de todos os recursos aprendidos na unidade. Se lle parece conveniente, pode orientar máis a actividade, especificando a extensión que deben ter as escenas, indicándolles, por exemplo, un número máximo de intervencións ou un número aproximado de palabras.

Unha vez escrita a escena, anímeos a que a representen ante o resto da clase. Se o desexaren, tamén poden gravala en vídeo. Nese caso, procure que dispoñan do tempo necesario.

E DESPOIS

Pode suxerirlles aos seus alumnos a lectura da obra completa de *Os vellos non deben de namorarse*. Indíquelles, ademais, que existe a película da obra e que poden buscala se lles resulta máis doado ou agradable coñecela por ese soporte.



9. MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA

Ler parte da programación da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, escoller unha das obras e xustificar a súa escolla. Elaborar un elenco de personaxes e o resumo dunha obra para participar no concurso.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

A **Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia** naceu en 1984 e, daquela, tiña o mesmo espírito que ten hoxe: incluír na súa programación os traballos de autores vivos e espectáculos actuais, equilibrar os grandes nomes do teatro cos emerxentes, mesturar o teatro convencional co máis transgresor e apostar por espectáculos de calidade que na súa maior parte son estreos para o público galego. Durante o certame, que adoita ter lugar no mes de xullo, a vila de Ribadavia convértese nun grande escenario, no cal se representan pezas dos máis diversos países.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos alumnos que miren a foto e que a describan. Pode axudarlles con preguntas como: **Quen credes que son esas persoas? Que fan? Onde están?** Se entre as posibles respostas non figura que se trata dunha representación de teatro ou algún espectáculo de rúa, contéstelo vostede. Se non mencionan a mostra de Ribadavia, mellor que deixe para identificala na seguinte epígrafe. A continuación, pregúntelles se algunha vez asistiron a algún certame dese tipo ou se se lembran dalgunha peza de teatro que visen e lles gustase moito. Anímeos a se pronunciaren, mostrando disposición en escoitar as súas experiencias e axudándolles coas posibles dúbidas de vocabulario que poidan ter.

B. Se non se fixo na epígrafe A, dígalles que a imaxe representa un momento da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e coméntelles as principais características deste certame. Despois, pídalles que lean individualmente o programa dun dos días da mostra e escollan a peza que máis lles guste. Logo, débenllo dicir a un compañeiro e xustificar a súa escolla. Pode darlles un exemplo a partir da mostra de lingua.

C. A continuación, pregúntelles aos seus alumnos se coñecen algunha das compañías teatrais que aparecen no programa ou outra galega que non figure na programación. Se, polo xeral, non achegan información suficiente sobre ningunha das compañías, pode suxerirlles que busquen por Internet e fagan unha presentación na seguinte clase.

D. Agora, dígalles que, en grupos de tres, van idear unha obra de teatro para participaren nun concurso. A obra gañadora será representada na seguinte edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e os seus creadores serán galardoados cunha significativa remuneración económica. Primeiro teñen que decidir as personaxes e elaborar o elenco e, logo, deben escribir o resumo da obra. Dígalles, ademais, que poden ter como modelo os resumos que aparecen na actividade.

Cando remataren, escolla tres voluntarios que van compoñer o xurado. Dígalles que cada grupo vai elixir un “voceiro” que deberá lerlle o seu resumo ao resto da clase. O xurado deberá apuntar os aspectos positivos e os negativos de cada resumo, tendo en conta os criterios

A vida é puro teatro

de cohesión e coherencia no desenvolvemento da obra e, sobre todo, a adaptabilidade desta a un contexto como o do referido certame. Ao final, cada membro do xurado deberá asignarlle unha nota de 0 a 10 a cada un dos resumos e a obra que teña maior puntuación será a ganadora.

10. REGUEIFANDO

Ler un texto sobre a regueifa e intentar improvisar unha ou escribilla.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

A regueifa é unha composición formada por versos que se cantan a varias voces e representa unha disputa dialéctica improvisada entre dúas ou máis persoas. É como unha cantiga popular que non ten unha duración determinada, senón que pode alongarse mentres os regueifeiros non dean por rematado o tema ou o razoamento da disputa.

Estas composicións poden tratar os máis diversos temas, pero sempre están dotadas dunha boa carga de humor, o que fai que esta arte popular sexa moi divertida para todos os públicos. O costume de “regueifar” é tradicional en varias zonas de Galicia e tamén se poden oír noutros lugares como, por exemplo, Portugal, Brasil, Colombia, Arxentina e Uruguai. Se no lugar onde imparte as clases vostede non dispón de acceso a Internet, grave previamente un exemplo de regueifa para levalo á clase e poñérllelo aos seus alumnos.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles aos seus alumnos se saben o que é a regueifa. Se non xorden respostas afirmativas, dígalles que é un tipo de arte popular e anídeos a adiviñaren con que está relacionado, pero non lles dea a resposta porque a van ter no texto. Tente que fagan hipóteses sobre o que pode ser e apúnteas no encerado. Dígalles que miren a fotografía e que fagan hipóteses tamén sobre quen son as persoas que aparecen e o que están facendo.

A continuación, pídalles que lean o texto individualmente e que marquen nel todas as expresións que fan referencia á definición de regueifa. Concédalles algúns minutos para que o fagan.

Cando remataren a lectura, pregúntelles se as súas hipóteses eran acertadas ou non. Logo, agrúpeos en parellas e dígalles que, entre os dous, deben xuntar as informacións que marcaron ao longo do texto e redactar unha definición axustada e clara para a regueifa. Déalles uns minutos para que o fagan e pídalles que lean as súas definicións. Teña en conta que, en principio, todas as respostas poden ser válidas, aínda que algunha máis ou menos completa ca outra. Se o considera oportuno, coméntelles algúns dos datos que se achegan en “Observacións previas”, co fin de completar as súas definicións ou darlles máis información ao respecto.

B. Agora que están seguros do que é unha regueifa, pregúntelles aos seus alumnos se algunha vez viron ou oíron algunha, onde e en que contexto. Se alguén quere mencionar algún exemplo, dispóñase a escoitalo. Se no lugar onde se imparten as clases teñen acceso a Internet, anídeos a buscaren algún exemplo de regueifa. Se non, pónalles a que levou gravada.

A continuación, dígalles que, en grupos de tres, van improvisar unha regueifa entre todos. Se mostran timidez ou vergoña, anídeos dicíndolles que se trata dun xogo e non dunha competición, e que ninguén ten que ter vocacións de cantante para participar. Indíquelles que pode ser unha maneira de divertirse na aula ao paso que se fai unha boa práctica lingüística.

Explíquelles que a regueifa se fará en tres voltas, é dicir, haberá tres quendas para que todos os alumnos participen. En cada quenda, a “disputa” tocaralle a un dos membros do grupo, que debe cantar un verso rebatendo o discurso do verso do regueifeiro anterior. Vostede pode determinar o grupo que comeza mediante algún tipo de sorteo, por exemplo. Dígalles que os cantores da última quenda deben acompañar máis atentamente a regueifa para remataren ben o tema nos últimos versos.

Aínda que na proposta da actividade se suxire que poden escribir a regueifa, propóñallelo aos seus alumnos só como un último recurso. Teña en conta que, ao escribir, pérdese a orixinalidade do que é “regueifar”. Ademais, se se fai entre toda a clase é máis complexo, xa que para que o segundo grupo escriba o seu verso, ten que ver antes o que escribiu o primeiro grupo, e así sucesivamente, o que vai facer máis lento o desenvolvemento da actividade.